

EXTRACTO DA LEI FRANCESA Nº 2010-788 DO 12 DE XULLO DE 2010 DE COMPROMISO NACIONAL POLO MEDIO AMBIENTE. Publicada no «*Journal Officiel de la République Française*» de [13 de xullo de 2010](#) trala súa aprobación correspondente no [Senado](#) e na [Asamblea Nacional](#)

Tradución ao galego da APDR.

Seguir os enlaces para ver o extracto do orixinal en francés:

	<a href="#">Artigo 183</a> <a href="#">Artigo 184</a>
---	--

## TITULO V: RISCOS, SAÚDE, RESIDUOS

### CAPÍTULO II: OUTRAS EXPOSICIÓNS QUE IMPLICAN UN RISCO PARA A SAÚDE

#### Artigo 183

I. – «*Le code des postes et des communications électroniques*» [Compendio das disposicións lexislativas e regulamentarias francesas relativas ao seu servizo postal e de comunicacións electrónicas] é así modificado:

1º Tralo punto 12º do apartado II do artigo L. 32-1, insérese un 12º bis así redactado:

“12º bis. - A un elevado nivel de protección do medio ambiente e a saúde da poboación, conxuntamente cos Ministros encargados da saúde e o medio ambiente;”

2º Tralo segundo parágrafo do artigo L. 34-9, insérese un parágrafo así redactado:

“Os terminais radioelectrónicos destinados a conectarse a unha rede aberta ao público para a subministración do servizo de telefonía non poden comercializarse sen un accesorio que permita limitar a exposición da cabeza ás emisións radioelectrónicas durante as comunicacións.”;

3º O artigo L. 34-9-1 é completado por dous parágrafos así redactados:

“O resultado das medidas é transmitido polos organismos mencionados no segundo parágrafo á *Axencia [francesa] nacional das frecuencias*, que garante a posta a disposición do público, e á *Axencia francesa de seguridade sanitaria do medio ambiente e o traballo*. Establécese un censo nacional dos puntos atípicos do territorio onde os tipos de exposición superen sensiblemente a media observada a escala nacional para a súa publicación como moito o 31 de decembro de 2012.

Cando a medición realízase en locais de vivenda, os resultados transmítense aos propietarios e aos inquilinos. Os inquilinos dos locais poden oporse á disposición pública destes resultados. Estes resultados deben mencionar o nome da oficina de control. Todo inquilino dun aloxamento pode ter acceso, na *Axencia nacional das frecuencias*, ao conxunto das medicións realizadas na vivenda.”

II. - Tralo terceiro parágrafo do artigo 3-1 da lei nº 86-1067 do 30 de setembro de 1986 relativos á liberdade de comunicación, insérese un parágrafo así redactado:

“O Consello superior do sector audiovisual vea por que o desenvolvemento do sector da comunicación audiovisual acompañese dun elevado nivel de protección do medio ambiente e a saúde da poboación.”

III. - O primeiro capítulo do título III do libro II da parte quinta do código da Saúde Pública é completado por dous artigos L. 5231-3 e L. 5231-4 así redactados:

“Art. L. 5231-3. - Está prohibida toda publicidade, calquera que sexa o medio ou soporte, que teña por obxecto directo promover a venda, a posta a disposición, a utilización ou o uso dun teléfono móbil por nenos menores de catorce anos.”

<http://www.apdr.info/>

“Art. L. 5231-4. - A distribución onerosa ou gratuíta de obxectos que conteñan un equipamento radioelectrónico cuxo uso dedícase especificamente aos nenos menores de seis anos pode ser prohibida por decreto do Ministro estado cargado da saúde, co fin de limitar a exposición excesiva dos nenos.”

IV. - Tralo artigo 17 da lei do 15 de xuño de 1906 sobre as distribucións de enerxía, insérese un artigo 17 bis así redactado:

“Art. 17 bis. - As persoas encargadas do transporte da enerxía eléctrica deben realizar un control regular dos campos electromagnéticos inducidos polas liñas de transporte de electricidade. O resultado destas medidas debe transmitirse anualmente á *Axencia francesa de seguridade sanitaria do medio ambiente e o traballo* que os farán públicas.”

V. - No capítulo III do título V do libro IV da cuarta parte do código do traballo, insérese un artigo L. 4453-1 así redactado:

“Art. L. 4453-1. - As normas de prevención dos riscos para a saúde e a seguridade dos traballadores expostos aos campos electromagnéticos veñen determinadas por decreto en Consello de Estado tomado en aplicación do artigo L. 4111-6.

“Este decreto axústase aos principios de prevención establecidos nos artigos L. 4121-1 e L. 4121-2.”

VI. - O capítulo único do primeiro título do libro V da segunda parte do código da educación é completado por un artigo L. 511-5 así redactado:

“Art. L. 511-5. - Nas escolas infantís e de educación primaria -L'école élémentaire- e secundaria -Collège-, está prohibido o uso dun teléfono móbil por un alumno, durante toda actividade de ensino e nos lugares previstos polo regulamento interno.”

VII. - Os entes públicos territoriais que procedan a controlar o valor de exposición transmitirán os seus resultados á *Axencia nacional das frecuencias* e á *Axencia francesa de seguridade sanitaria do medio ambiente e o traballo*.

VIII. - O 2º do I entra en vigor ao expirar un prazo de seis meses que seguen a publicación da presente lei.

#### **Artigo 184**

Para todo aparello de telefonía móbil ofertado á venda no territorio nacional, a Taxa de Absorción Específica [= SAR -inglés- = DÁS -francés-] indícarase de xeito lexible e en francés. Tamén deberá facerse mención á recomendación de uso do accesorio que permita limitar a exposición da cabeza ás emisións radioelectrónicas nas comunicacións, previsto no quinto parágrafo do I do artigo 183 da presente lei.

---

[]: Notas do tradutor (N. do T).

- ... -: Termo do texto orixinal en francés